

2024-25

IES Mestre Landín

A Raña, s/n

36900

Marín

Teléfono 886151315

les.mestre.landin@edu.xunta.gal

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2024-25



PLAN DE ORIENTACIÓN:**1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. (5).**

- 1) Departamento de orientación
- 2) Funcionamento
- 3) Marco legal
- 4) Centro Educativo – Oferta
- 5) Tutorías curso 2024-25
- 6) Profesorado
- 7) Familias
- 8) Asociación e participación do alumnado

2. NECESIDADES EDUCATIVAS OBSERVADAS (11).

- a) A nivel de centro
- b) A nivel de profesorado.
- c) A nivel de alumnado.
- d) A nivel de familias.
- e) Outras Institucións.

3. FUNCIONES E OBXECTIVOS XERAIS PARA CURSO 24-25. (16).

- 3.1. Funcións do Departamento de Orientación
- 3.2. Obxectivos xerais
- 3.3. Obxectivos específicos

4. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN. (20).

1. Coordinación e apoio ó centro.
2. Apoio ó proceso de Ensinanza – Aprendizaxe.
3. Plan de Acción Titorial.
4. Orientación Académica e Profesional.

5. ESTRUCTURA E LIÑAS DE ACCIÓN. (22).**6. AVALIACIÓN E INFORME FINAL. (23)**

PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO (26)
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES (27)
3. OBXECTIVOS DO P.A.P.E.A OU P.A.D (29)
4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (30)
5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS (32)
6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN (33)
7. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (33)
8. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO P.A.P.A.E OU P.A.D (34)

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP):

1. INTRODUCCIÓN (36)
2. MARCO TEÓRICO. (36)
3. ELABORACIÓN DEL POAP (37)
4. OBXECTIVOS (38)
5. LÍÑAS DE ACTUACIÓN (39)
 - 1º e 2º Curso da ESO.
 - 3º e 4º Curso da ESO.
 - Alumnado que remata a idade obrigatoria sen titular
6. ACTIVIDADES (40)
7. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO POAP (41)
8. AVALIACIÓN E INFORME FINAL (42)

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

1. MARCO TEÓRICO (45)
2. CONTEXTUALIZACIÓN (51)
3. OBXECTIVOS.(53)
4. PROPOSTAS DO PAT (54)
5. CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO PROFESORADO-TITOR (55)
6. COORDINACIÓN (55)
7. LÍÑAS DE ACTUACIÓN (56)
8. METODOLOXÍA (62)
9. RECURSOS (63)
10. AVALIACIÓN E INFORME FINAL (64)
11. MODIFICACIÓNS (65)
12. ANEXO: CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES POR NIVEL CURSO 2023-2024 (66)
 - 1º ESO.
 - 2º ESO.
 - 3º ESO
 - 4º ESO.
 - FAMILIAS

PLAN DE ORIENTACIÓN:

1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

1) Constitución do Departamento de Orientación:

En cumprimento dos artigos 1º e 3º e da Disposición Transitoria 3ª e 4ª do Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade de Galicia, constitúese o Departamento de Orientación do IES "Mestre Landín", para o curso 2024-2025, cos seguintes membros:

1. Sandra Ruibal Santiago, profesora especialista en Psicoloxía e Pedagogía, Orientación Educativa
2. Casilda Basteiro Gómez, profesora especialista de Pedagogía Terapéutica.
3. Raquel Pérez Bada, profesora especialista de Pedagogía Terapéutica.
4. Susana Arizaga Castro, profesora-titora do ámbito lingüístico e social.
5. Jorge Lamoso Fontán, profesor-titor do ámbito científico-tecnolóxico e de Formación e Orientación Persoal e Profesional (FOPP).
6. José Manuel Beiro Brión, profesor do ámbito científico-tecnolóxico e Coordinador de Benestar e Convivencia.
7. Heber Jaime García Fernández, profesor do ámbito científico-tecnolóxico e coordinador EDIXGAL.
8. Vanessa Fernández Carballo, xefa do Departamento de Orientación do CEIP do Carballal

2) Funcionamento:

Actuará como Xefa do Departamento de Orientación, Dª Sandra Ruibal Santiago, en cumprimento do artigo 4º.2 da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se sinala no artigo 13.2 da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, os membros do departamento de orientación reuniranse unha vez por trimestre. Así mesmo, os membros do departamento con destino no IES reuniranse unha vez ao mes convocados pola xefa de departamento.

Á hora de planificar as actuacións do Departamento para este curso teranse en conta:

- A memoria do curso pasado
- As propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- O traballo desenvolvido a través do Plan de Formación do profesorado nas liñas de traballo de atención á diversidade e de convivencia escolar e clima de aula.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A Orde 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Departamento de Orientación deberá asesorar ao Equipo Directivo, ás titoras e titores, e ao profesorado no desenvolvemento do Plan de Orientación.

Dende o Departamento de Orientación procuraremos realizar propostas organizativas para a asignación das titorías e dos horarios do profesorado, de maneira que possibiliten actuacións coordinadas dos profesorado-titor dun mesmo nivel ou ciclo, e as reunións de coordinación dos mesmos coa Xefa do Departamento de Orientación.

3) Marco Legal:

A Orientación Académica e Profesional atópase regulada polo seguinte marco Legal:

- Decreto 120/98 do 23 de abril polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na CCAA de Galicia.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se

imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia,
- Resolución do 6 de xunio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023- 2024.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

4) Centro Educativo – Oferta:

O Instituto de Educación Secundaria Mestre Landín é un centro público no que se imparte o Ensino Secundario Obrigatorio.

O Centro atópase situado no Concello de Marín, moi próximo a Pontevedra, capital da Provincia, e conta como principal base económica o sector marítimo pesqueiro e o de servizos.

A meirande parte das familias do alumnado que acolle o centro, encádranse dentro da clase social medio-baixa; así mesmo, pódese dicir que o Instituto sitúase nunha zona do Concello con bastantes dificultades a nivel socio-familiar.

Próximos ao Instituto existen ademais dous centros de secundaria que imparten Bacharelato e Ciclos Formativos de Formación Profesional; ademais de varios centros de Educación Infantil e Primaria.

O centro adscrito ao Departamento de Orientación do IES pola Administración Educativa é o CEIP do Carballal, aínda que tamén recibimos alumnado dos CEIPs da Laxe, Sequelo e Seixo.

No actual curso académico a distribución de alumnado é a seguinte:

Curso	Nº. grupos	Nº de Alumnos
1º ESO	2	35
2º ESO	2	36
3º ESO	2	40
4º ESO	2+1PDC	38
TOTAL	9	149

Existe un alto número de alumnado con NEAE e unha taxa significativa de risco de abandono escolar temperá e dificultades de convivencia derivadas da mesma, pouca implicación por parte de moitas familias e unha importante mobilidade do profesorado provisional que cada ano chega ao centro (ao tratarse dun centro pequeno, esta circunstancia afecta moito á estabilidade das actuacións a desenvolver).

Unha das necesidades sentidas máis significativas é continuar implementando actuacións dirixidas á mellora permanente da inclusión do alumnado, a redución do abandono educativo temperán, o fomento da igualdade de oportunidades, a mellora da convivencia escolar e o aumento do benestar emocional de toda a comunidade educativa. En definitiva, promover o IES Mestre Landín como un espazo de respecto e seguridade.

A situación interna do centro educativo caracterízase por:

1. Puntos fortes:

- Gran interese do profesorado por fomentar metodoloxías activas e traballo interdisciplinar
- O traballo realizado en cursos anteriores para a mellora da convivencia no centro.

2. Puntos febles:

- Importante número de profesorado con destino provisional no centro.
- Número significativo de alumnado con rendemento académico baixo.
- Aulas cunha elevada porcentaxe de alumnado con NEAE.
- Importante número de alumnado en situación de risco de exclusión social debido a condicións da súa historia persoal, escolar e familiar.
- O feito de non ter Bacharelato inflúe na heteroxeneidade do alumnado e tamén en que un significativo número do mesmo non teña expectativa de continuar con estudos superiores.

3. Amenazas:

- Escasa oferta cultural na localidade, sobre todo dirixida a adolescentes.
- O risco social ante adicións tales como substancias, videoxogos, redes, ludopatías, etc. do alumnado desta idade en xeral e da nosa localidade en particular.

4. Oportunidades:

- Estreita colaboración co concello e con outras localidades da contorna.
- Experiencias previas do profesorado procedente doutros centros que queren implementar neste curso no IES Mestre Landín

5) Titorías curso 2024-2025:

LISTAXE DO PROFESORADO-TITOR CURSO 2024-2025			
GRUPO	1º ESO	GRUPO	2º ESO
A	Tania Riádigos Iglesias	A	Jorge Lamoso Fontán
B	Águeda Riobó Campos	B	Milagros López Conde
	3º ESO		4º ESO

A	Isabel Sanmiguel Suárez	A	Alejandro Enrique Solla Alonso
B	Juan Carlos González González	B	Nuria García Guillín
PDC		PDC	Susana Arizaga Castro

6) Profesorado:

Nº de profesores/as: o número total é de 25 profesores/as.

Departamentos didácticos:

- 1) Biología-Xeoloxía
- 2) Ciencias Sociais
- 3) EDL
- 4) Educación Física
- 5) Educación Plástica
- 6) Física-Química
- 7) Francés
- 8) Inglés
- 9) Lingua Castelá
- 10) Lingua Galega
- 11) Matemáticas
- 12) Música
- 13) Orientación
- 14) Relixión
- 15) Tecnoloxía

7) Familias:

- Atención ás familias:
 - Co profesorado-titor: coa fin de poder dar a información requirida pola familia, é importante e necesario que se avise previamente ao titor/a con varios días de antelación, a través do Alabar Móbil a ou de comunicación telefónica.
 - Co equipo directivo: durante o horario lectivo do centro, con aviso previo, para evitar coincidencias con outras tarefas.
 - Coa orientadora: previa petición de cita para evitar coincidencias con outras tarefas.
- O centro a través dos seus órganos de goberno, continuará na liña de colaboración coa ANPA "A Raña" buscando vías de comunicación, colaboración e facilitando medios para o cumprimento das súas funcións e obxectivos.
- *Participación das familias no Consello Escolar a través das súas representantes.*
- Escolas de familias no propio centro e en colaboración co centro adscrito, o CEIP do Carballal.

8) Asociación e participación do alumnado:

A partir do presente curso escolar 2024-2025, un dos obxectivos da xefatura de estudos e do departamento de Orientación, será a potenciación da participación do alumnado na vida do centro a través do fomento do asociacionismo baseado no diálogo e na toma de decisións conxuntas.

Para elo programaranse actividades no Plan de Centro e no Plan de Orientación que contribúan a fomentar a participación do alumnado: xuntas de delegados/as, consello escolar, titorización entre o alumnado, equipo de mediación, clube de lectura, participación na elaboración e publicación da revista "Marusía", etc.

2. NECESIDADES EDUCATIVAS OBSERVADAS

A avaliación inicial do alumnado que se incorpora ao centro (*competencia curricular nas áreas, motivación, intereses, datos familiares e persoais...*) así como as propostas e suxestións dos Departamentos Didácticos, profesorado-titor, centro adscrito, representantes do alumnado permiten facer unha **detección das necesidades do presente curso 2024-2025**.

Dende este Plan temos como obxectivo dar resposta ás necesidades dende cinco ámbitos que serán obxecto da nosa intervención: centro, alumnado, profesorado, familias e outras institucións.

☞ A nivel de centro:

- Constitución do Departamento de Orientación para o curso escolar 2024-2025.
- Informar á comunidade educativa sobre a organización e funcionamento do Departamento de Orientación: *que é, cal son as súas funcións, cal son as tarefas que lle corresponden a cada membro da Comunidade Educativa con respecto a este departamento.*
- Elaboración, revisión e mellora da **Programación do Departamento**.
- Aportar á PXA existente **as medidas de atención á diversidade**.
- Fomentar unha **maior coordinación** entre o profesorado que atende ao alumnado con NEAE para un maior aproveitamento da resposta educativa.
- Xestionar o proceso de solicitudes de **becas** destinadas ao alumnado con **NEAE**.
- Actualización do **Plan de Acción Titorial** axustado ás necesidades e intereses reais do centro.
- Actualización do **Plan de Orientación Académica e Profesional** dacordo coa entrada en vigor da LOMLOE.
- Establecer unha boa liña de comunicación co **centro adscrito** e cos demais centros de procedencia do noso alumnado para fomentar unha mellor coordinación e implicación.
- **Revisar o NOF** existente e establecer a súa **concordancia co Plan de Convivencia**.
- Revisión e posibles modificacións dos **protocolos** de absentismo escolar, desescolarización e abandono escolar temperá.

- Poñer en valor a **C.C.P.** (*Comisión de Coordinación Pedagóxica*) como órgano que se ocupa das directrices educativas observadas.
- Fomentar a **análise cualitativa dos cursos nas avaliacións, ccp e claustro**.
- **Adquisición de recursos materiais, bibliográficos e informáticos** para a perfecta posta en marcha e desenvolvemento de todas as actividades do Departamento de Orientación.
- Continuación co **banco de recursos** (*lexislación, materiais, cuestionarios, guións de entrevista coas familias, material titorías...*) no Departamento de Orientación.
- Continuación co **banco de recursos de metodoloxías de traballo colaborativo** en coordinación cos departamentos didácticos.
- **Fomentar unha planificación real dos exames e traballos** onde o alumnado non se atope con 3 exames o mesmo día.
- Asesorar ao equipo directivo na designación do profesorado-titor máis adecuado para cada grupo dentro das posibilidades reais.
- Planificar en coordinación co profesorado implicado as **medidas de atención á diversidade** propostas: intervención das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica tanto dentro como fóra da aula ordinaria; agrupamentos, optatividade en 3º e itinerarios en 4º.
- Solicitar a intervención do **EOE** cando sexa preciso.
- Solicitar a intervención e colaboración coa persoa asesora da **UACO** cando as necesidades específicas do alumnado en grave risco de exclusión social así o requiran.
- **Colaborar coas asociacións externas** que atenden ao noso alumnado receptor de becas NEAE.
- **Colaboración con asociacións externas** que realizan oferta formativa ao noso alumnado (Concello, Rexurdir, Alicce, Querote +, Arelas, Igaxes, Cruz vermella, TP Galicia, plan director...).
- **Aportacións á sección de titoría e orientación da Aula Virtual Edixgal.**
- **Valorar e realizar propostas de mellora para o ano 25-26.**

β) A nivel de profesorado:

- Na presentación do **Departamento de Orientación**, principios tales como: que é o Departamento de orientación, cal son as súas funcións e cal son as tarefas que lle corresponden a cada membro da Comunidade Educativa con respecto a este departamento.
- Establecer **liñas de coordinación real entre o profesorado e os membros do Departamento de Orientación** (orientadora e mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica) coa finalidade de acadar a mellor atención posible ao alumnado que é obxecto de medidas de atención á diversidade.
- Información e posible formación do **profesorado** sobre estratexias de atención á diversidade para a mellora de convivencia no centro.
- Informacións sobre **aspectos metodolóxicos e de avaliación**.
- Colaborar co profesorado na elaboración da **avaliación inicial**.
- Asesoramento para levar a cabo **adaptacións** tanto en contidos non prescriptivos do currículo como nos prescriptivos se fose necesario.
- Asesoramento para adecuar **programas didácticos á programación de aula**.
- Detección e asesoramento para a selección de **alumnado** cando se poñen en marcha **medidas de atención á diversidade**.
- Asesoramento nas **sesións de avaliación** (criterios e procedementos axustados ao tipo de alumnado).
- Asesoramento sobre os **novos cambios do sistema educativo**.

χ) A nivel de alumnado:

- **Medidas de atención á diversidade a nivel xeral e individual**.
- O alumnado con atraso académico e con **materias pendentes e a recuperación das mesmas** coma un obxectivo principal.

- **Orientacións educativas cara a atención á diversidade a nivel xeral e individual.**
- Colaborar na **avaliación psicopedagóxica** do alumnado.
- **Coñecemento do grupo** (P.A.T) – sociograma, actividades de autoconhecimento...
- **Atención individualizada** se fose preciso.
- Proporcionar **recursos de temática diversa**, dacordo co previamente establecido no Plan de Acción Titorial, para levar a cabo nas titorías.

- Aplicación de **programas específicos**: educación emocional, habilidades sociais e comunicación, autoconceito e autoestima, resolución pacífica de conflitos, toma de decisións, coeducación, educación ambiental, prevención de adicións e consumo de drogas, educación sexual, prevención da violencia, ...
- **Información sobre o sistema educativo a través do POAP** (plan de orientación académica e profesional).

δ) A nivel de familias:

- Facilitar o intercambio de **información que xustifique as NEAE** do alumnado para poñer en marcha as medidas de atención a diversidade oportunas.
- Promover unha boa **comunicación coas familias**.
- Facilitar **información sobre o sistema educativo** (horarios, profesorado, titores/as, saídas profesionais do alumnado ao remate de cada etapa, ...)
- **Implicar ás familias no proceso de Ensino-Aprendizaxe das súas fillas e fillos**.
- Promover e organizar actividades conxuntas tales como a **Escola de familias**.

e) Outras Institucións:

- Establecer unha boa **comunicación** e colaboración co **Concello de Marín**
- Establecer unha liña de colaboración e intercambio de información co **Servizos Sociais do Concello** (educadoras familiares, traballadora social e persoal do CIM).

- Continuar coa liña de colaboración e intercambio de información co **Servizos de Saúde** de Marín.
- Establecer unha liña de colaboración e intercambio de información co **Servizos de Saúde** (centro de "A Parda" – Unidade Infanto – Xuvenil).
- Continuar na liña de colaboración e realización de actividades coa **Asociación Rexurdir de Marín**.
- Continuar na liña de colaboración e realización de actividades con outras asociacións tales como **Alicce, Arelas, Meniños, Igaxes, Cruz Vermella, TP Galicia, etc.**
- Continuar coa asesoramento da **UACO** para traballar co alumnado en situación de risco de exclusión social.

3. FUNCÍONS E OBXECTIVOS PARA CURSO 24-25

3.1. Funcións do Departamento de Orientación:

O Departamento de Orientación, como recurso especializado que apoia a labor do Centro e do conxunto do profesorado nas tarefas titoriais e de orientación, ten encomendadas unhas funcións que se recollen no Decreto 120/98 polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións son:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas da súa contorna e deseñar, desenvolver e avaliar, programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional, e do Plan de Acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo do Centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando corresponda, na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou

problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorábeis como de altas capacidades que presentan os alumnos e alumnas.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lles faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos de programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos o en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, a construción do autoconceito e da autoestima, e no proceso de toma de decisións.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Aquelas outras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

Obviamente, estas funcións serán o referente para o noso traballo, pero comparamos uns **obxectivos xerais** que pretendemos acadar no curso 2023-2024:

3.2. Obxectivos xerais:

- Colaborar activamente cos diferentes titores/as do centro, na posta en práctica do Plan de Acción Titorial. Como parte desta colaboración, se lle facilitan a cada titor/a os recursos necesarios para o desenvolvemento das titorías.

- Potenciar a Acción Titorial por medio da hora de titoría co alumnado e das reunións quincenais entre profesorado titor e Departamento de Orientación.
- Realizar unha avaliación inicial de carácter psicopedagóxico do alumnado de nova incorporación, especialmente daquelas alumnas e alumnos que amosen dificultades de aprendizaxe, integración, etc.
- Colaborar co profesorado no deseño, realización e aplicación de medidas de atención á diversidade.
- Participar activamente na elaboración e posta en práctica de indicacións para a acollida do alumnado.
- Ofrecer ao alumnado e as súas familias a orientación académica e profesional máis axeitada.
- Colaborar co profesorado titor na súa relación coas familias.
- Participar na coordinación e posta en funcionamento do Plan de Orientación Académica e Profesional, levando a cabo algunhas das actuacións específicas que alí se recollen.
- Colaborar co equipo directivo e cos outros departamentos en potenciar o coñecemento do noso centro noutros centros e en toda a nosa contorna cultural.
- Participar activamente nos programas de mellora continua que se leven a cabo no centro.
- Continuar fomentando a colaboración entre Departamentos Didácticos do IES e dos centros adscritos.
- Fomentar a colaboración con outros centros educativos públicos da contorna.

Destes obxectivos derívanse as actuacións prioritarias do Departamento de Orientación, respecto aos distintos membros da comunidade educativa.

3.3. **Obxectivos específicos:**

Serán desenvolvidos mediante programas nos que se especifican os obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e avaliación.

Os seus ámbitos de actuación principais, que se inclúen no POE, son: PAD, PAT y POAP que a continuación se expoñen.

• **CO ALUMNADO:**

- ✓ Potenciar a orientación a todo o alumnado.

- ✓ Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso no centro, cambio de curso ou etapa, elección de materias optativas, elección de itinerarios...
- ✓ Proporcionar unha orientación académica e profesional individualizada e diversificada.
- ✓ Facilitar información sobre o mundo laboral e posibles saídas académicas e laborais as que poderán optar tras a Educación Secundaria Obrigatoria.
- ✓ Posta en marcha de medidas ordinarias e extraordinarias.
- ✓ Contribuír a introdución de metodoloxías didácticas innovadoras.

• **CO PROFESORADO:**

- ✓ Transmitirlle información sobre a avaliación psicopedagóxica do alumnado e sobre as súas necesidades específicas.
- ✓ Asesoramento en cuestións prácticas de organización e agrupamentos de alumnado, con especial atención ao tratamento flexible da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- ✓ Coordinar o traballo de titorías e asesorar no desempeño da función titorial.
- ✓ Facilitar información sobre hábitos e técnicas de traballo, programas de ensinar a pensar...
- ✓ Demandar a colaboración en actividades promovidas dende o departamento.
- ✓ Axuda e posta en práctica de actividades de relacións sociais, dinámica de grupos, entrevistas...
- ✓ Orientacións sobre actividades e procesos de avaliación formativa e orientador, reforzo e apoio pedagóxico, promoción do alumnado. ...
- ✓ Colaborar na detección de dificultades na aprendizaxe que presente o alumnado.

• **COAS FAMILIAS:**

- ✓ Cooperar na relación entre profesorado –titor e familia
- ✓ Demandar a colaboración familiar nas actividades que se realizan no centro.

✓ Orientar as familias, de xeito individual ou colectivo, para que asuma de forma responsable a a educación e orientación dos seus fillos.

✓ Elaboración de aspectos informativos tales coma: lexislación actual, resolucións de conflitos (escolares/familiares), técnicas de estudos, toma de decisións.

4. **ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.**

Levaremos a cabo os obxectivos propostos a través das seguintes liñas de actuación:

1. COORDINACIÓN E APOIO AO CENTRO:

- Coordinación co Equipo Directivo.
- Participación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Coordinación co profesorado-titor, coa profesora coordinadora de Benestar e Convivencia, e co Equipo de Dinamización Lingüística e co Departamento de Actividades complementarias e extraescolares
- Participación directa no Observatorio da Convivencia do Centro.
- Coordinación cos distintos Departamentos.
- Coordinación, asesoramento e colaboración co centro adscrito.

2. APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA / APRENDIZAXE.

- Medidas de apoio ordinario:
 - Medidas de apoio / reforzo dentro da aula ordinaria.
 - Agrupamentos específicos.
 - Seguimento do alumnado.
 - Colaboración na avaliación.
- **Medidas de apoio extraordinario:**
 - A través do Programa de atención á diversidade: alumnado con NEAE.

- Programa de Diversificación Curricular.
- Adaptacións curriculares.

- Outras:
 - Entrevistas individuais co alumnado e as familias.
 - Reunións de coordinación co equipo directivo, equipo educativo, CCP, Comisión de Convivencia... .
 - Exploración e avaliación psicopedagóxica.

3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.:

O Departamento de Orientación proporá unha serie de **actividades** e **programas** para desenvolver ao longo do curso de maneira temporalizada atendendo ás características, persoais, sociais e culturais tanto do alumnado como do centro.

Estas actividades xirarán, con carácter xeral, entorno a diferentes bloques temáticos, que se irán axustando en función das necesidades de cada grupo ou nivel: coñecemento do grupo e cohesión grupal, elaboración de normas, elección de delegado/a, habilidades sociais e educación na igualdade, xestión pacífica de conflitos, autoconecemento e autoestima, técnicas de estudo, orientación académica e profesional, etc.

4. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

- Actividades de valoración de capacidades, motivación, intereses, autoestima...
- Programa de información educativa: tódolos cursos.
- Axuda na toma de decisións (4º de E.S.O)
- Axuda na toma de decisións coa utilización do programa ORIENTA.
- Programa de orientación educativa postobrigatoria: comenzando xa en 4º da E.S.O. pola complexidade que conleva a elección de modalidade de Bacharelato para

unha posterior carreira universitaria ou acceso a ciclo formativo de grao superior. Esta opción virá condicionada polos intereses dos alumnos de cursar bacharelato ou formación profesional de grao medio.

- Espazo de optatividade: 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O.
- Cambio de etapa: primaria á ESO (centro adscrito) e 4º da E.S.O. aos estudos posteriores.

- Técnicas de busca de Empleo.
- Informar sobre opcións a aqueles alumnos que non logran o título da ESO: Programa de formación profesional básica,, educación de adultos, probas de acceso a ciclos formativos de grado medio, proba libre para a obtención do título de graduado en ESO...
- Outras informacións: como inscribirse no Sistema Galego de Colocación, formación ocupacional, obradoiros, escolas obradoiro, oposicións, ensinanzas non regradas, sindicatos...

5. ESTRUCTURA E LIÑAS DE ACCIÓN.

1. COORDINACIÓN E APOIO AO CENTRO.

a) **Obxectivo:** Garantir as Actividades do Plan de Orientación.

b) **Actividades:**

- Reunión co Equipo Directivo.
- Reunións cos Departamentos Didácticos.
- Reunións cos Titores para o desenvolvemento das titorías.

2. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

a) **Obxectivo:** Detección, Prevención e Seguimento.

b) **Actividades:**

- Actividades de avaliación: antes, durante e despois.
- Entrevistas individuais con alumnos e familias.
- Reunión con equipos docentes.
- Avaliación Psicopedagóxica.
- Consello Orientador.

a) **Obxectivo: Programa de Atención a alumnado con NEE. AULA DE APOIO.**

b) **Actividades:**

- Programación e implementación do Programa.
- Detección de alumnado con NEE.
- Avaliación.

3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

a) **Obxectivo: Elaboración do Plan.**

b) **Actividades:**

- Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunións de coordinación do profesorado-titor.
- Reunión coa coordinadora de Benestar e Convivencia.
- Reunións do Departamento de Orientación.

6. AVALIACIÓN E INFORME FINAL.

O **Plan de Orientación** avaliarase ao remate do curso e quedando recollidos na Memoria de final de curso os logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que interveñen no desenvolvemento do Plan e os aspectos que sexa preciso modificar, eliminar ou recoller en vindeiros cursos.

A **avaliación** será realiza polas persoas que interveñen no deseño, planificación e posta en marcha de dito Plan (*orientadora, membros do departamento, xefatura de estudos, profesorado...*) e polos seus destinatarios (*alumnado, familias, profesorado, equipo directivo, comunidade educativa...*).

A avaliación terá lugar en tres momentos:

a) **Ao inicio:** para avaliar o deseño, a proposta de contidos, a secuenciación máis axeitada e a temporalización.

b) **Durante o seu desenvolvemento:** para valorar a adecuación e consecución dos obxectivos, variables que interveñen no seu proceso, participación, adecuación das actividades...As técnicas e instrumentos empregados para este momento da avaliación serán os intercambios de información realizados nas reunións semanais de coordinación de titorías, a observación directa nas aulas, cuestionarios...

c) **Ao remate do programa:**

para avaliar os resultados obtidos tanto previstos como imprevistos, consecución de obxectivos propostos, valoración final do desenvolvemento do Plan de Orientación e proposta de modificacións ou de atención a necesidades que non foron cubertas.

Indicadores de avaliación:

- Adecuación do P.O.E. á P.X.A.
- Equilibrio entre os obxectivos propostos e os contidos.
- Equilibrio e secuenciación axeitada no tratamento dos contidos ó longo dos distintos niveis.
- Adecuación dos contidos propostos e as necesidades detectadas.
- Tratamento dos contidos a través das áreas curriculares.
- Participación das partes implicadas: orientador/a, titores/as, profesores/as, alumnado e familias, outras institucións.
- Validez e pertinencia dos instrumentos, métodos e técnicas empregados.
- Consecución dos obxectivos propostos...

O Informe Final incluirá:

- Unha reflexión sobre o funcionamento do departamento como equipo de traballo.
- O desenvolvemento das actividades planificadas para cada unha das funcións ou tarefas.

- O grao de colaboración do profesorado.
- A valoración de espazos e recursos.
- A valoración global do cumprimento da Programación de Orientación.

En Marín a 25 de setembro de 2024

Sandra Ruibal Santiago



Xefa do Departamento de Orientación do IES Mestre Landín

PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

Os **artigos 71 e 72 da ORDE do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recollen o seguinte:

De conformidade co **artigo 10 do Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, o Plan xeral de atención á diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro docente diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

O Plan xeral de atención á diversidade representa o deseño e a organización dun centro docente, dentro da súa autonomía e segundo as súas características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, a totalidade do seu alumnado. En consecuencia, no Plan xeral de atención á diversidade deben facerse explícitas as circunstancias do centro docente, o xeito de entender e de atender as singularidades de cada alumna e de cada alumno, o conxunto de medidas e/ou programas cos que conta para facer realidade a equidade en contextos metodolóxicos inclusivos, a optimización na distribución e/ou organización dos recursos, o compromiso de asesoramento e de colaboración coas familias, e as formas

de realizar o seguimento e a avaliación de todos os seus plans, proxectos e/ou programas.

A estrutura do Plan xeral de atención á diversidade axustarase, cando menos, ao que se dispón no **artigo 12 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, e ao **CAPÍTULO IV da orde ORDE do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A resposta ás necesidades educativas concretas do alumnado implica un proceso que identifique e valore estas necesidades de forma precisa, garanta o desenvolvemento persoal, escolar e social e oriente ao profesorado no seu labor educativo, constituíndo o paso previo á intervención educativa.

No plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe recóllense e desenvólense as propostas relativas á atención á diversidade, para dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos que se escolarizan nos diferentes grupos.

No IES contamos cunha profesora especialista en Pedagogía Terapéutica con destino definitivo no centro e que neste momento está a desenvolver o cargo de xefatura de estudos, polo que dende a consellería nomeouse outra profesora de PT a tempo parcial compartida co IES Illa de Tambo e que desenvolve a súa tarefa no Mestre Landín durante os períodos lectivos que lle corresponden dentro do seu horario dous días á semana, luns e xoves. Dende as programacións das diferentes materias -e moi especialmente dende a metodoloxía adoptada- o departamento de orientación procurará traballar propostas sobre un sistema de ensino que sexa capaz de adaptarse ós diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

Elaboraremos un plan de intervención para o alumnado que necesite recibir apoio das profesoras de PT fóra da aula. Estes plans de intervención irán anexos na programación.

Entre as medidas que se tomarán no presente curso destacar as seguintes:

- 1º ESO:
 - Reforzo educativo por parte do profesorado da materia
 - Reforzo dentro e fóra da aula coa profesora de Pedagogía Terapéutica
 - Exención 2ª lingua estranxeira (francés)
 - Adaptación Curricular Significativa (ACS)
- 2º ESO:
 - Reforzo educativo por parte do profesorado da materia
 - Reforzo dentro e fóra da aula coa profesora de Pedagogía Terapéutica
 - Exención 2ª lingua estranxeira (francés)
 - Adaptación Curricular Significativa (ACS)
- 3º ESO:
 - Reforzo educativo por parte do profesorado da materia
 - Reforzo dentro e fóra da aula coa profesora de Pedagogía Terapéutica
- 4º ESO:
 - Reforzo educativo por parte do profesorado da materia
 - Reforzo dentro da aula coa profesora de Pedagogía Terapéutica

O Departamento de Orientación revisará e elaborará propostas de mellora sobre o procedemento das ACS. Nesta liña seguirase a traballar co profesorado dos distintos Departamentos Didácticos para conciencialos da importancia de elaborar, para o alumnado con necesidades educativas asociadas a discapacidade o cun desfase curricular notorio, as pertinentes adaptacións do currículo.

Tamén faremos propostas a través da CCP dirixidas ao profesorado en xeral e ao profesorado implicado na elaboración das ACis en particular para mellorar o procedemento de elaboración, seguimento e avaliación das ACis.

O Departamento de Orientación colaborará cos distintos departamentos didácticos para revisar e actualizar as programacións dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico do Programa de Diversificación Curricular.

Finalmente para o alumnado de 1º e 2º de ESO que presente dificultades xeneralizadas nas linguas, tramitarase a pertinente exención da 2ª Lingua estranxeira, no noso caso Francés.

Algunhas medidas de atención á diversidade, tales coma a **Adaptación Curricular**, precisan que se desenvolva unha **avaliación psicopedagóxica** e que esta se reflicta nun Informe Psicopedagóxico.

A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, da contorna familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

A avaliación psicopedagóxica é competencia e responsabilidade dos orientadores/as e supervisado pola xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, no seu caso, dos equipos de orientación específicos.

Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no que deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións considéranse oportunas. Este informe achegarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

As familias do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

3. **OBXECTIVOS DO P.A.P.E.A OU P.A.D**

Os obxectivos a traballar ó longo do curso 2023-24 serán:

- Optimizar os procesos de Ensino-aprendizaxe.
 - Proporcionar ao alumnado estratexias de aprendizaxe para que poida aprender por si mesmo, e desenvolver un pensamento autónomo e crítico.
 - Previr as dificultades de aprendizaxe, e asistilas cando xa se produciron, para evitar, na medida do posíbel, fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
 - Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos/as, mediante as oportunas adaptacións do currículo.
- Realizar o seguimento do alumnado que polas súas peculiaridades (TDAH, TEA, dificultades de aprendizaxe específicas,...) precisa dunhas medidas de reforzo específicas.
- Axudar a que o alumnado, con carácter xeral, sexa obxecto de seguimento educativo efectivo, en particular aqueles que presentan maiores dificultades.
 - Colaborar na avaliación, tanto inicial como procesual, do alumnado, aportando a información que se obtén con recursos psicopedagóxicos.
 - Facilitar na medida do posible que as familias estean informadas do proceso de ensino-aprendizaxe que seguen as súas fillas e fillos.

4. **ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

En canto aos ámbitos de actuación as accións a desenvolver serán as seguintes:

- Coordinación e apoio ao profesorado, ao alumnado e á familia.
- Colaboración co centro na elaboración e desenvolvemento dos proxectos curriculares.
- Participación xunto ao profesorado na prevención e detección de dificultades, así como noutras necesidades debidas á diversidade do alumnado.
- Facilitar ao profesorado estratexias para atender á diversidade como medidas de apoio ordinario.
- Colaboración na organización de actividades de apoio ou reforzo.

- Desenvolvemento da avaliación psicopedagóxica daquelas alumnas e alumnos que presenten problemas de aprendizaxe e que precisen da adopción de medidas educativas específicas, en colaboración co titor/a, Equipo Directivo, familia e Equipo Específico.
- Colaboración co profesorado e os Departamentos Didácticos na planificación e seguimento das medidas de reforzo, recuperación e adaptacións curriculares para as alumnas e alumnos que o precisen.
- Manter entrevistas e encontros co profesorado, alumnado e familias, co fin de recoller e achegar a información e cooperación precisa para dar resposta ás necesidades do alumnado, facendo especial fincapé na recollida de información sobre o alumnado de 1º de ESO.
- Proporcionar asesoramento e apoio ao alumnado e as súas familias, ante posíbeis circunstancias que poidan interferir de forma negativa no seu proceso de aprendizaxe.
- Facilitar os materiais e a formación necesaria, tanto inicial como continua, aos diferentes membros da comunidade educativa, para poder desenvolver as diferentes actuacións.

Levaremos a cabo a secuencia e temporalización destas actuacións da seguinte maneira:

Acción	Grupo	Temporalización
Revisar a documentación que presenta o alumnado de nova incorporación, a fin de detectar posíbeis problemas.	Todos	setembro
Colaborar co Equipo directivo na distribución do alumnado para artellar do xeito máis efectivo posíbel a atención á diversidade.	Todos	setembro
Participar na avaliación inicial do alumnado, informando ao profesorado.titor daqueles aspectos máis relevantes dende o punto de vista educativo que coñezamos sobre o alumnado.	Todos	setembro
Colaborar co Equipo Directivo e as profesoras	Todos	Todo o ano, pero

de Pedagogía terapéutica na organización das actividades de apoio e reforzo educativo para o alumnado con NEAE.		especialmente no primeiro trimestre.
Realizar a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as que o precisen.	Todos	Todo o curso
Asesorar e colaborar co profesorado titor e os distintos Departamentos didácticos na realización das ACis que sexan necesarias.	Todos	outubro-novembro
Participar nas reunións coas familias dos alumnos/as con maiores dificultades.	Todos	Especialmente despois de cada avaliación
Colaborar coa Xefa de Estudos e o profesorado titor na análise dos resultados trimestrais de cada grupo de alumnos.	Todos	Despois de cada avaliación
Reunións co alumnado cando se requira	Todos	Todo o curso
Participar nas reunións de coordinación co profesorado-titor	Todos	Todo o curso

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A secuenciación das actividades programadas ven dada, a meirande parte das veces, polas propias necesidades dos distintos membros da comunidade educativa, e polo propio calendario escolar, polo que estas circunstancias son as que se establecen como criterios de secuenciación.

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos sempre se parte da atención á diversidade.

As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa. (Artigo 4, D 229/11).

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Dentro dos mecanismos de coordinación e colaboración internos podemos citar as reunións programadas para 2024-2025:

- As sesións de avaliación inicial previstas para o 1 e o 2 de outubro de 2024
- As reunións semanais de coordinación co profesor responsable de Benestar e Convivencia, José Manuel Beiro Brión e co profesor responsable de Edixgal, Heber

Jaime García Fernández, nas que están presentes tamén a profesora Susana Arizaga Castro, o director, Javier Conles Armesto e a xefa de estudos, Casilda Basteiro Gómez.

- As reunións quincenais de coordinación co profesorado-titor.
- As reunións quincenais do departamento de orientación.
- As reunións trimestrais coa orientadora do noso centro de Primaria adscrito, o CEIP do Carballal.
- Todas aquelas que poidan xurdir por grupo e/ou nivel no tocante a un tema concreto e que sempre serán convocadas pola xefatura de estudos.

En canto as relacións cos centros adscritos realízanse a as xornadas de acollida dirixidas ao alumnado e familias do noso centro adscrito, o CEIP do Carballal e que se desenvolven con diferentes actividades a partir do mes de xaneiro.

7. **PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

Dentro dos protocolos para as medidas de atención á diversidade para este 2023-2024 recollemos:

- Solicitud de Avaliación Psicopedagóxica.
- Exención de 2ª Lingua Estranxeira – francés.
- Atención por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Procedemento de proposta de incorporación a un Programa de Diversificación Curricular (3º e 4º de ESO)
- Procedemento e incorporación a un ciclo de Formación Profesional básica
- Como nova proposta para este curso elaboraremos un documento para acreditar o rexeitamento dunha familia ante unha medida de atención á diversidade proposta.

8. **PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO P.A.P.O.A OU PAD**

O seguimento e a avaliación do Plan xeral de atención á diversidade realízase, para cada curso académico, sobre a concreción anual de dito plan.

Só se modificará o Plan xeral de atención á diversidade no caso de que as propostas de mellora, recollidas na memoria anual do devandito plan, así o consideren. Neste caso, esa modificación debe seguir o mesmo procedemento que a elaboración e a aprobación do propio Plan xeral de atención á diversidade.

○ **SEGUIMIENTO DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

realizarase trimestralmente, por parte do departamento de orientación do centro docente.

Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro docente para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual.

A **AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

realizarase á finalización de cada curso escolar, por parte do departamento de orientación do centro docente, quedando plasmado na Memoria de Curso os logros alcanzados, as dificultades encontradas, os factores intervintes no desenvolvemento do Plan e os aspectos que será necesario modificar, eliminar ou recoller en vindeiros cursos.

- Adecuación do P.A.D. ao P.E.C.
- Equilibrio entre os obxectivos propostos e os contidos.
- Equilibrio e secuenciación axeitada das M.A.D. ó longo dos distintos niveis.
- Adecuación dos M.A.D. propostas e as necesidades detectadas.
- Tratamento das M.A.D. a través das áreas curriculares.
- Participación das partes implicadas: orientador/a, titores/as, profesores/as, alumnado e familias.
- Validez e pertinencia das M.A.D., instrumentos, métodos e técnicas empregadas.
- Consecución dos obxectivos propostos...

Indicadores da Avaliación:

○ **Informe final** incluirá:

- Unha reflexión sobre o funcionamento do Plan.
- O desenvolvemento das medidas planificadas e das que non se levaron ao cabo.
- Valoración Global do cumprimento do Plan de Atención a Diversidade.

En Marín a 25 de setembro de 2024

Sandra Ruibal Santiago



Xefa do Departamento de Orientación do IES Mestre Landín

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP):

1. INTRODUCCIÓN:

A LOE recolle que a Administración Educativa garantirá a orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, especialmente en canto as diferentes opcións educativas e a transición á vida activa.

O POAP elaborase en base ás necesidades de orientación dos alumnos que están acabando a educación obrigatoria e que deben tomar decisións respecto ao itinerario académico ou profesional que desexen seguir.

En Galicia a **Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo)** pola que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, establece dentro das funcións do Departamento de Orientación a elaboración do POAP seguindo as directrices da CCP. Xunto a esta orde teranse en conta os Decretos do Currículo da ESO, do Bacharelato e dos Ciclos Formativos de Formación Profesional Específica.

O alumnado que cursa a E.S.O, ten que tomar por primeira vez decisións de carácter vocacional que van afectar de xeito importante ao futuro das súas vidas, e por iso, faise imprescindible a orientación académica e profesional.

O proceso de toma de decisións nesta etapa, esixe que o alumno integre a representación de si mesmo e a información que posúe do mundo socio-laboral, confrontándoas, ata chegar a unha decisión final.

2. MARCO TEÓRICO:

A Orientación Académica-Profesional, tanto como dereito do alumnado como proceso continuo inmerso ao longo sistema educativo, debe permitir que éste chegue ao máximo das súas posibilidades e favorecer a que exista unha maior concordancia entre os seus intereses, expectativas e capacidades, e as características que presenta o mundo académico-profesional e laboral, así como as condicións nas que se desenvolve..

Este proceso implica a toma de decisións por parte do alumnado e exige a éste uns mecanismos ou estratexias fundamentais. Dentro destas está a exploración e o coñecemento tanto de si mesmo como do Sistema Educativo e Sociolaboral que lle poden levar a un mellor acerto das súas opcións.

Consideramos pois que o proceso orientativo debe contemplar a reflexión de si mesmo (*personalidade, actitudes, intereses, valores...*) e integración (*proxecto persoal, viabilidade e condicionantes situacionais...*), a información académico – profesional e investigación (*análise e integración de datos...*) e a toma de decisións que conleva unha avaliación sobre o proceso seguido e a idoneidade da opción final.

3. ELABORACIÓN DO POAP

Para levar a cabo o POAP seguimos unha serie de fases:

a) **Definir características do centro e alumnado que recolle:** liñas educativas, tipo de alumnado, nº de alumnado, niveis, características do entorno, NEAE, ... todo iso obtense revisando o PEC.

b) **Avaliación de necesidades no centro:** a información recollerase do PXA, POE (*inclúe PAPEA, PATE POAP de anos anteriores*) dentro da Memoria do D.O., e suxestións de profesores e titores para elaborar o POAP.

Tamén será tomada en conta a Circular Anual da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais que plantexa aspectos de interese prioritario na Educación Secundaria.

O POAP elaborouse no mes de setembro/outubro seguindo as directrices da CCP (quen o fai e sempre é o D.O) e sendo aprobado polo Claustro e a CCP. A súa posta en marcha corre a cargo do titor e dos docentes, sempre baixo o asesoramento do Departamento de Orientación.

Dado que é un **documento dinámico** a súa actualización levarase a cabo cada curso.

4. OBXECTIVOS:

A continuación descríbense os obxectivos xerais e os principais ámbitos de actuación do POAP.

- Coordinar a Orientación Académica e Profesional do alumnado ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente nos cambios de ciclo ou curso e ante a elección de distintas opcións académicas e profesionais.
- Fomentar no alumnado o coñecemento de si mesmo.
- Informar ao alumnado e ás familias sobre as diferentes opcións educativas e laborais.
- Fomentar o coñecemento da contorna máis inmediata.
- Favorecer a madurez vocacional.
- Facilitar ao alumnado o desenvolvemento de estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Fomentar a elaboración dun proxecto de vida e as habilidades para conseguilo.
- Favorecer a transición á vida activa e laboral.

En canto aos **ámbitos de actuación** as accións a desenvolver serán as seguintes:

- Coordinación e apoio ao alumnado, á familia e ao profesorado.
- Actuacións dirixidas a que o alumnado coñeza e valore dunha forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses.
- Actuacións destinadas a facilitar información suficiente ao conxunto do alumnado sobre as distintas opcións educativas e laborais, relacionadas con cada etapa educativa, e de xeito especial sobre aquelas que se ofrezan na súa contorna.

- Actuacións que propicien o contacto do alumnado co mundo do traballo e poidan facilitar a súa inserción laboral. Estas débense cristalizar nun programa de transición á vida activa.
- Actuacións dirixidas a que o alumno sexa capaz de tomar as súas propias decisións.
- Actuacións dirixidas á superación de hábitos sociais discriminatorios por razón de sexo, que condicionan o acceso aos distintos estudos e profesións.
- Proporcionar os materiais e a formación necesaria, tanto inicial como continua, aos diferentes membros da comunidade educativa, para poder desenvolver as diferentes actuacións.

5 .LÍÑAS DE ACTUACIÓN

En coherencia co marco teórico establecido e ca intención de lograr a consecución dos obxectivos propostos propoñemos as seguintes liñas de actuación, contextualizadas ás características persoais e ó entorno social e cultural do alumnado.

1º e 2º Curso da ESO:

- Información sobre estrutura do sistema educativo (*optatividade, etapas, criterios de avaliación e promoción...*).
- Informar sobre as optativas de centro.
- Asesoramento individualizado a alumnado e familias.
- Atención á diversidade.
- Elaboración do consello orientador.
- Traballar a toma de decisións e o autocoñecemento: estudos de casos, dinámica de grupos...
- Cooperación coa familia no reforzo dos aprendizaxes básicos do seu fillo/a e apoio ó proceso de E-A: entrevistas, charlas...
- Programas de Formación Profesional Básica.
- Proba de ciclos medio aos alumnos que cumpren 17 anos no ano de realización da proba.

3º e 4º Curso da ESO:

- Traballar a madurez vocacional e a toma de decisións ("programa orienta").
- Charlas: "...e despois da E.S.O. que ?"
- Co cada alumno/a individualmente:
 - ✓ Autoconecemento da situación persoal.
 - ✓ Busca de información profesional.
 - ✓ Coñecemento de si mesmo/a e das súas posibilidades posteriores.
 - ✓ Coñecemento da oferta e das súas posibilidades con estudos superiores.
 - ✓ Identificar diferentes camiños e alternativas.
 - ✓ Eliminar alternativas.
 - ✓ Tomar decisións.
- Proba de ciclos medios para o alumnado que cumpre 17 anos no ano de realización da proba.
- Busca de información relevante.
- Información sobre itinerarios e relación destes con estudos superiores.
- Información sobre saídas laborais no entorno socioeconómico.
- Dar o consello orientador.
- Información clara e precisa sobre: Programas de Formación Profesional Básica, programas de transición á vida activa, educación de adultos, proba libre para a obtención do título da ESO, proba para acceso a Ciclos Medios, formación ocupacional, SGC, obradoiros, escolas-taller...

Informacións sobre Outras Liñas de Actuación Alternativas.

Alumnado que remata a escolarización obrigatoria sen obter o Título de Graduado en Educación Secundaria:

- Educación de persoas adultas.

- Formación Ocupacional (talleres, casas de oficios...)
- Obtención do título a través da EPA.
- Obtención do título por medio da presentación a unha proba libre.
- Proba de acceso a ciclos de grado medio.
- Programas de formación profesional básica.
- Alta no Servizo Galego de Colocación.

6. ACTIVIDADES

Dentro das **actividades** que permitirán desenvolver os obxectivos e os contidos podería sinalar as seguintes:

- Programa ORIENTA na aula virtual de Edixgal e na páxina web do centro.
- Probas estandarizadas: relativas a capacidades, intereses, estilo de aprendizaxe, descrición de si mesmo...
- Programas de Toma de Decisións
- Técnicas de busca de emprego.
- Busca e análise de información relativa ó seu futuro académico e profesional e sobre estudos e profesións máis acordes cas necesidades do medio.
- Role-playing de entrevista laboral (se fora posible).
- Visitas a centros de formación profesional ou empresas e charlas a cargo de docentes ou directivos destes centros.
- Feira da educación (Edugal).
- Charlas sobre estudos de Bacharelato e Formación Profesional.

7. SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO POAP

Acción	Grupo	Temporalización
Elaborar o taboleiro de opcións académicas	Todos	Todo o curso

e profesionais.		
Proporcionar ao alumnado, familias e profesorado titor información sobre probas de acceso a ciclos e sobre a FP Básica	2º, 3º e 4º de ESO	Todo o curso
Charla co alumnado sobre o sistema educativo e optativas de 4º.	3º de ESO	A partir do 2º trimestre: de febrero a xuño
Charla co alumnado sobre o acceso aos ciclos de FP ou ao bacharelato.	4º de ESO	A partir do 2º trimestre: de febrero a xuño
Programa de orientación vocacional.	4º de ESO	A partir do 2º trimestre: de febrero a xuño
Aplicación dun cuestionario ao alumnado sobre as súas preferencias ao rematar a etapa.	4º de ESO	Febreiro
Proporcionar ao profesorado-titor o material que precisan para levar a cabo as súas funcións.	Todos	Todo o curso
Reunións co alumnado ou familias.	Todos	Todo o curso

A secuenciación das actividades programadas ven dada, a meirande parte das veces, polas propias necesidades dos distintos membros da comunidade educativa, e polo propio calendario escolar, polo que estas circunstancias son as que se establecen como criterios de secuenciación.

8. AVALIACIÓN E INFORME FINAL

O **Plan de Orientación Académica e Profesional** avaliarase ao remate do curso e recollerá na Memoria de Curso os logros alcanzados, as dificultades encontradas, os factores intervintes no desenvolvemento do Plan e os aspectos que será necesario modificar, eliminar ou recoller en vindeiros cursos.

A avaliación será realiza polas persoas que interveñen no deseño, planificación e posta en marcha de dito Plan (titores/as, orientador/a, profesorado) e polos seus destinatarios (alumnado, familias, profesorado).

A avaliación terá lugar en tres momentos:

a) **Ao inicio:** para avaliar o deseño, a proposta de contidos, a secuenciación máis axeitada, a temporalización...

b) **Durante o seu desenvolvemento:** para valorar a adecuación e consecución dos obxectivos, variables que interveñen no seu proceso, participación, adecuación das actividades...As técnicas e instrumentos empregados para este momento da avaliación serán os intercambios de información realizados nas reunións semanais de coordinación de titorías, a observación directa nas aulas, cuestionarios...

c) **Ao remate do programa:** para avaliar os resultados obtidos tanto previstos como imprevistos, consecución de obxectivos propostos, valoración final do desenvolvemento do P.O.A.P. e proposta de modificacións ou de atención a necesidades que non foron cubertas.

Indicadores da Avaliación:

- Adecuación do P.O.A.P. ao P.E.C.
- Equilibrio entre os obxectivos propostos e os contidos.
- Equilibrio e secuenciación axeitada no tratamento dos contidos ó longo dos distintos niveis.
- Adecuación dos contidos propostos e as necesidades detectadas.
- Tratamento dos contidos a través das áreas curriculares.
- Participación das partes implicadas: orientadora, titores/as, profesores/as, alumnado e familias.

- Validez e pertinencia dos instrumentos, métodos e técnicas empregados.
- Consecución dos obxectivos propostos...

O **Informe final** incluirá:

- Unha reflexión sobre o funcionamento do Plan.
- O desenvolvemento das actividades planificadas
- Valoración Global do cumprimento do Plan de Orientación académica e Profesional.

En Marín a 25 de setembro de 2024

Sandra Ruibal Santiago



Xefa do Departamento de Orientación do IES Mestre Landín

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

1. MARCO TEÓRICO

O Plan de Acción Titorial é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías no centro, seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Unha das prioridades do departamento para este curso, é a súa revisión e aprobación.

Os distintos documentos legislativos sinalan que a función titorial constitúe un dos servizos e actividades que o sistema educativo oferta co obxectivo de optimizar o rendemento da ensinanza.

Os **obxectivos xerais da función titorial** serán:

- Asegurar unha educación integral e persoal, establecendo unha relación individualizada co/ca alumna/a no entorno das súas aptitudes, actitudes, coñecementos e intereses, así como axudándolle a integrar coñecementos e experiencias educativas que aplicará na súa vida diaria.
- Coordinar ao profesorado, centro, familia e medio social, sempre atendendo as peculiaridades de cada alumno.
- Capacitar ao alumno para a toma de decisións ante as opcións educativas e alternativas da vida.

A **L.O.M.L.O.E**, sinala entre os seus principios, a atención ao alumnado para orientalo académica, psicopedagóxica e vocacionalmente, sendo a orientación e a titoría parte da función dos docentes.

En Galicia a **Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo)** pola que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, establece dentro

das funcións do Departamento de Orientación a de colaborar na elaboración do Plan de Acción Titorial (PAT), formulando propostas xunto cos docentes de cada área e o xefe de estudos (seguindo as directrices da CCP).

A **acción titorial**, xunto á acción educativa, forma parte do **eixo da práctica docente**, feito que conleva considerala como a **acción vertebradora** de todo o proceso educativo do alumnado.

A finalidade última da acción titorial é a de conseguir o **desenvolvemento integral do alumnado**, dando resposta ós seus intereses e necesidades o que engloba **catro liñas de actuación prioritarias**:

- Ensinar a pensar.
- Ensinar a convivir e a comportarse.
- Ensinar a ser persona.
- Ensinar a decidirse.

En canto ao **apoio á coordinación titorial**, sempre tendo en conta a autonomía do profesorado-titor, o **Departamento de Orientación** propónse colaborar cos mesmos facilitando a acción titorial que lle é asignada na lexislación vixente (*marco normativo do Plan de Orientación*) na cal se enuncian as seguintes **FUNCIÓNS DO PROFESORADO-TITOR**, encamiñadas a atender os diferentes compoñentes da comunidade educativa:

Relacionadas co alumnado:

a) Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir este coñecemento.

A principios de curso aproveitaranse as horas de titorías coas familias para realizar entrevistas, previa convocatoria, coa fin de recadar información sobre o alumnado. Así mesmo, a xefatura de estudos e o Departamento de Orientación, garantirán o acceso a aquela información relevante que poida existir no centro (expediente escolar, informes psicopedagóxicos, medidas curriculares ou organizativas levadas a cabo co/ca alumno/a...) ao profesorado-titor que o precise.

b) Proporcionarlle ao alumnado no principio de curso información documental, ou no seu defecto, indicarlles onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titorías, actividades extraescolares e complementarias prevista para o presente curso, programas escolares, criterios de avaliación do grupo...

Esta función debe ter en conta os condicionamentos de principio de curso, no que moitas veces, non é posible ter aínda completa a información a que se fai alusión.

c) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza – aprendizaxe do alumnado, en prol de detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas, e solicitar os oportunos seguimentos e apoios.

O/a titor/titora recollerá do profesor de cada materia os datos da observación sistemática a través de diferentes instrumentos e procedementos, contando co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación.

d) Facilitar a integración do/da alumno/a no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

- A integración atenderase detectando os problemas de adaptación e proponendo actuacións tendentes a reducir ou facer desaparecer os problemas, contando co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación.

- A participación fomentarase proporcionándolles aos alumnos/as información sobre as actividades, a as normas xerais ou particulares que as regulan e, recollendo propostas do grupo para a súa inclusión na programación.

e) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

Esta función levarase a cabo proporcionándolle ao grupo-clase toda aquela información que demande (co asesoramento de quen corresponda) e, achegándolles todo canto poida ser de interese para a boa marcha nos seus estudos (bolsas, saídas profesionais, prazos e condicións de acceso a...).

f) Favorecer ao proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

Os tutores/as serán os encargados de pór en práctica na clase as actividades que deseñe o Departamento de Orientación, dirixidas ao coñecemento das características e intereses do alumnado, a toma de decisións e, a búsqueda do seu futuro académico e profesional.

g) Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co alumno delegado da clase, ante o resto de alumnado, profesorado e equipo directivo en todos aqueles problemas que se presenten.

Será fundamental que o/a titor/a participe no proceso de elección de delegado (sesión preparatoria) para que o grupo-clase tome conciencia da importancia dunha elección axeitada para a defensa dos seus intereses. O papel de mediador entre o titor e os membros do seu grupo-clase, ou desta co resto da comunidade educativa será máis doado ao potenciar dentro do grupo as actitudes democráticas e responsables.

h) Informar ao alumnado que conforma o seu grupo-clase de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

Isto farase por norma xeral nas horas de titoría e, en casos particulares, en privado. As informacións versarán sobre: modificacións no calendario; resultados de avaliacións; reclamacións e cualificacións; temas tratados nas sesións de coordinación do profesorado do grupo.

i) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo clase.

Esta función entenderase como a recollida do material relativo ás sesións de avaliación, así coma a comunicación coas familias.

j) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas destas tanto as familias coma a xefatura de estudos.

O éxito desta función radicarán en establecer as canles de comunicación máis axeitadas para que a información chegue puntualmente a cada un dos implicados/as.

k) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos/as mentres permanecen no centro nos períodos de lecer.

Esta atención pretenderá lograr a integración do alumnado e dos grupos, fomentando a colaboración e a sociabilidade entre eles a través de diversas actividades.

Relacionadas co profesorado:

a) Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co Departamento de Orientación do Centro.

En última instancia son os/as tutores/as os que deben implementar o PAT, feito que lles axudará polo miúdo a coñecer as inquiredanzas, problemas, motivacións...dos seus titorandos.

b) Coordinar o proceso de avaliación e as posibles medidas curriculares e organizativas dos alumnos do seu grupo.

Baixo a supervisión do departamento de Orientación, o/a titor/a coordinará o traballo de adaptación que o profesorado leve a cabo para garantir a súa coherencia e adecuación aos criterios establecidos.

c) Informar ao equipo de profesores do grupo-clase das características dos alumnos/as, especialmente naqueles casos nos que presenten problemas específicos.

Nos seus contactos co alumnado, coas familias e co resto do profesorado, o/a titor/a detectará os problemas que se presenten e manterá informado ao profesorado do grupo-clase de forma individual ou conxunta.

d) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.

e) Organizar e presidir a xunta de profesores e as sesións de avaliación do grupo.

f) Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar a participación nas actividades del centro.

g) Orientar e asesorar aos alumnos sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

h) Colaborar co Departamento de Orientación do centro nos termos nos que estableza a xefatura de estudos.

i) Encauzar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto de profesorado e equipo directivo nos problemas que se lle plantexen.

j) Informar ás familias, alumnado e profesorado en todo aquilo que lles competa, en relación con actividades docentes e de rendemento académico.

k) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.

Relacionadas coas familias:

a) Proporcionarles, ao principio de curso, información documental ou, no seu defecto indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades complementarias e extraescolares, programas escolares...

b) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.

Isto farase a través de entrevistas privadas cos/cas alumnos/as e as súas familias. Tamén se poderá aplicar, previa elaboración do Departamento de Orientación, unha enquisa preparada para tal fin.

c) Informar ás familias de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

Fixaranse os criterios e as formas de comunicación coas familias de forma que reciban puntualmente información relativa a:

- Problemas de asistencia e comportamento.
- Dificultades atopadas e posibles solucións.
- Resultados académicos: boletíns de notas, actividades de reforzo, consello orientador...).
- Outros temas: bolsas, concursos...

d) Facilitar a cooperación entre o profesorado e as familias dos alumnos/as.

e) Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación aos seus fillos.

Dacordo ca normativa e coa realidade a práctica da acción radicaría en:

- **Educar como algo máis que instruír** en determinadas capacidades ou adestrar algunhas habilidades específicas.
- **Educar a persoas concretas e individuais**, con características e particularidades propias que todo educador debe respectar, enriquecer e contribuir a desenvolver.

- **Educar á persoa de forma íntegra**, non só as súas capacidades cognitivas ou meramente curriculares.

A acción titorial enténdese como un **proceso sistemático** con actuacións planificadas, implementadas e valoradas coa fin de que os seus resultados acaden maior eficacia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O noso centro presentou a finais do curso académico 2011-2012 un proxecto do Plan de Formación para o profesorado durante os cursos académicos 2012-2013 e 2013-2014 e 2015-2016 (Resolución 22 de maio de 2012).

Trátabase dun proxecto que tiña como finalidade a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado en canto á xestión de conflitos tanto a nivel de centro como a nivel de aula, facendo especial fincapé na formación dos titores en dinámicas de habilidades sociais e no funcionamento do servizo de **Mediación Escolar** (formación e posta en marcha do servizo de mediación) e da **Aula de Convivencia** (elaboración de actividades concretas para traballar co alumnado en dita aula como parte do procedemento de reflexión e elaboración dos compromisos de mellora da conduta).

Dende o curso 2016-2017 ata a actualidade, o traballo desenvolvido dentro do Plan de formación permanente do profesorado estivo centrado na convivencia escolar e clima da aula e atención á diversidade e cambios metodolóxicos asociados. Neste sentido, ademais de continuar cos proxectos do Equipo de Mediación e Convivencia, a mediación escolar e a Aula de Convivencia, fomos desenvolvendo novos proxectos a longo prazo, destinados a continuar mellorando a convivencia e ofrecer unha mellor atención á diversidade. Cabe destacar que estas actuacións víronse claramente perxudicadas polo recorte sistemático de profesorado e do aumento da carga horaria dos últimos anos así como da gran mobilidade do profesorado provisional que cada curso chega ao noso centro, xa que isto impide unha continuidade real nos proxectos a desenvolver.

O presente curso escolar continuaremos formando parte dun Plan de Formación Permanente do Profesorado continuando co desenvolvido no pasado curso, para reforzar a mellora da atención á diversidade, a convivencia no centro e o

desenvolvemento dunha mellor competencia dixital de toda a comunidade educativa.

Este curso 2024-25, imos continuar e retomar os programas de **Titoría entre Iguais e mediación escolar** e establecer dinámicas para adaptar o **Plan de Igualdade** á realidade do noso centro.

O P.A.T. debe asegurar que as decisións globais tomadas no P.E.C. se axusten á realidade de cada grupo e alumno. A coherencia educativa no centro e a concreción dos valores expresados no P.E.C. serán os seus obxectivos prioritarios.

3. OBXECTIVOS

As catro **líñas xerais de actuación** do Plan de Acción Titorial son :

- a) *Ensinar a pensar.*
- b) *Ensinar a convivir e a comportarse.*
- c) *Ensinar a ser persoa.*
- d) *Ensinar a decidirse.*

Estas liñas xerais sentarán as bases dos obxectivos e contidos do PAT, destacando a contribución ao desenvolvemento, maduración, aprendizaxe, orientación e procesos de toma de decisións do alumnado.

A acción titorial pretende dar resposta ós seguintes **obxectivos específicos**:

- 1) Favorecer a integración e participación do alumnado na vida do centro mediante actividades de acollida ó comezo do curso, coñecemento da normativa e funcionamento do centro.
- 2) Favorecer os procesos de madurez persoal (*propia identidade, sistema de valores, progresiva toma de decisións...*) e social (*integración e cohesión do grupo*).
- 3) Previr e anticiparse ás posibles dificultades escolares mellorando e potenciando o proceso de ensinanza – aprendizaxe a través das técnicas máis idóneas.
- 4) Axustar as respostas educativas ás necesidades particulares do alumnado mediante un seguimento exhaustivo baseado na individualización.

- 5) Orientar á familia sobre a evolución do fillo e implicala (*na medida do posible*) na súa educación.
- 6) Orientar académica e profesionalmente proporcionando ao alumnado a información máis axustada ás súas preferencias, personalidade, capacidades, medios socio-económicos...ca finalidade de que poida levar ao cabo a súa toma de decisións.
- 7) Cooperar e fomentar unha adecuada relación e interacción entre os compoñentes da Comunidade Educativa mediante o intercambio de información sobre o alumno, o proceso escolar, a orientación sobre temática específica que requira análise...

4. PROPOSTAS DO PAT.

A súa **elaboración** corresponde aos titores coordinados pola xefatura de estudos e o Departamento de Orientación, seguindo sempre as directrices propostas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Revisaremos a **memoria do Departamento de Orientación e a PXA do ano escolar 2023-24**. (incluíndo o PAT) e os informes pertinentes do centro adscrito, recolléndose suxestións dos docentes, alumnado e familias mediante entrevistas, cuestionarios ou reunións. Tamén serán tomadas en conta as instrucións anuais da Consellería para cada ano escolar.

Con todo iso elaboramos unha **proposta do PAT** que deberá ser **aprobada pola CCP, Claustro e Consello Escolar** de comezos de curso para a súa **incorporación ao DOC e a PXA**.

O PAT levarase ao cabo conxuntamente polo profesorado-titor do grupo clase co asesoramento do Departamento de Orientación (material, soporte técnico e metodolóxico, horario de atención a docentes, horario de atención a alumnos -nos recreos de luns a venres- e ás familias os venres de 08:30 a 09:20 hs – fóra deste horario será necesario concertar cita).

Este curso 2024-2025 dentro do deseño e desenvolvemento do PAT tamén participa a persoa coordinadora de Benestar e Convivencia en todos aquelas cuestións que así o requiran.

5. CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO PROFESORADO-TITOR

Consideramos que a **correcta elección dos profesorado-titor** de cada curso **resulta fundamental** para unha mellor realización das funcións que lle corresponden, por iso dende o Departamento de Orientación propoñemos os seguintes criterios para ter en conta á hora de distribuír as titorías:

- É recomendable que na medida do posible, as lle sexan asignadas ao profesorado que teña destino definitivo no centro.
- A ser posible, a asignación de titorías aos especialistas farase sempre aos que teñan máis horas dispoñibles, procurando – ao mesmo tempo – que imparta o maior número de horas ao grupo do que vai ser titor.
- A voluntariedade do profesorado para exercer a titoría dalgún curso, deberá ser expresada coa antelación máxima posible

6. COORDINACIÓN

A coordinación entre todos os implicados na acción titorial do centro é algo primordial para a consecución dos obxectivos que nos plantexamos neste proxecto. Para conseguila proporemos as seguintes liñas de actuación que dividiremos en tres apartados:

Dentro do Equipo Docente:

A funcións de coordinación da labor titorial dentro do equipo docente serán levadas a cabo por:

- a) A **xefatura de estudos**, por parte da profesora M^a Casilda Basteiro Gómez que será a encargada da coordinación xeral da acción titorial.

b) A **xefatura do departamento de orientación**, por parte da orientadora, **Sandra Ruibal Santiago** que colaborará coa xefatura de estudos no deseño e posta en práctica da labor titorial, e se encargará do contacto con todo o profesorado-titor, así coma da solución de problemas que pidan xurdir na aplicación práctica.

c) **Profesorado-titor**

d) **Profesor coordinador de Benestar e Convivencia: José Manuel Beiro Brión.**

e) **Profesor coordinador de Edixgal: Heber Jaime García Fernández**

Para garantir un adecuado seguimento da titoría estanse a celebrar as seguintes reunións de coordinación:

- Unha reunión semanal recollida en horario oficial entre o Equipo Directivo, o Departamento de Orientación, a persoa coordinadora de Benestar e Convivencia o profesor coordinador de Edixgal.
- Unha reunión quincenal co profesorado-titor
- Unha reunión mensual de Departamento de Orientación
- Unha reunión trimestral coa orientadora do CEIP do Carballal, centro adscrito ao noso departamento.

7. LÍÑAS DE ACTUACIÓN

A continuación mencionamos os ámbitos de actuación recollidos dentro do Plan de Acción Titorial:

- Reunións coa Xefatura de Estudos para colaborar na elección de titores, horas de coordinación, etc.
- Reunións coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos titores para a elaboración da proposta do Plan de Acción Titorial para o curso que se inicia.
- Delimitación das actividades comúns e específicas para cada nivel e etapa.
- Asesoramento ao profesorado titor para desenvolver as distintas técnicas de titoría.

- Actividades relacionadas coa recepción do grupo-clase.
- Actividades de coñecemento do grupo-clase.
- Actividades de intervención grupal ou individual en relación coas necesidades educativas detectadas.
- Actividades relacionadas coa avaliación e cos resultados da avaliación.
- Asesoramento sobre elección de áreas optativas do 4º curso (durante o terceiro curso).
- Actividades relacionadas coas necesidades atopadas no diagnóstico inicial.

O Departamento de Orientación proporá o desenvolvemento dunha serie de **ACTIVIDADES e PROGRAMAS** de forma temporalizada durante o curso escolar que **pretenden adaptarse ás características persoais, sociais e culturais tanto do alumnado como do centro.**

As **actividades** principalmente basearíanse en:

- **Revisión – elaboración do plan.**
- **Coordinación co profesorado-titor** en busca da optimización dos procesos de Ensino – Aprendizaxe á hora de buscar **dificultades de aprendizaxe**: revisión de informes previos individualizados, proporcionar materiais didácticos para o desenvolvemento das titorías, asesorar no deseño das programacións...
- **Acollida e integración do alumnado**: ubicación do centro, normas de convivencia, dereitos e deberes (RRI), novas normas de organización e funcionamento do Centro, actuacións de prevención, hixiene e protección.
- **Coñecemento de si mesmos/as e do grupo**: actividades relacionadas co autocoñecemento e co grupo dentro do que se encadran. Actividades grupais de acollida e cohesión para mellorar os aspectos emocionais e sociais, tendo en conta as medidas hixiénicas e de distanciamento físico.
- **Reunións entre profesorado para intercambiar información.**
- **Traballo en torno as competencias básicas.**
- **Asesoramento ao alumnado sobre os criterios de avaliación e promoción** propostos por cada departamento.

- **Desenvolvemento dos temas transversais.**
- **Potenciación da aprendizaxe das habilidades sociais** por parte de todo o alumnado: aprender a comunicar, aprender a negociar e a dialogar.
- **Coordinación do proceso avaliador:** informar sobre criterios de promoción e avaliación, resultados da avaliación e accións de mellora, pre-avaliacións e post-avaliacións...
- **Orientación académica:** saídas profesionais, laborais e académicas posteriores á ESO no centro ou no entorno.
- **Relacións cas familias:** reunións a principio de curso, explicación da titoría, entrevistas individuais, escolas de familias, xornadas de acollida, implicación nas actividades escolares dos seus fillos/as...
- **Desenvolvemento de temas actuais:** prevención de consumo de substancias aditivas tales como alcohol, tabaco e drogas, prevención de ludopatías, seguridade dixital, educación sexual, educación baseada na igualdade entre homes e mulleres, educación no respecto á diversidade sexual e dirixida á eliminación da LGTBIfobia, educación para o consumo, etc...
- **Habilidades para a vida adulta.**
- **Outras que puideran ir xurdindo.**

A TEMÁTICA a desenvolver pode ser variada e irá en virtude do que tanto profesorado-titor como o alumnado de cada curso consideren necesarios:

- Para que a titoría?
- **Organización da aula, convivencia, normas do centro e do grupo (RRI).**
- **A elección de delegado.**
- **Autocoñecemento:** personalidade, intereses, motivacións...
- **Dinámica de grupos:** o coñecemento do grupo.
- **Sociograma:** con el saberemos os liderazgos, as relacións individuais e a detección de problemas de relación persoal.

- **Integración e convivencia:** programas e obradoiros de formación en habilidades sociais.
- Educación Emocional.
- **Educación para a saúde:** O coñecemento do propio corpo e sexualidade; Hábitos saudables.
- Educación ambiental.
- **Resolución e xestión pacífica de conflitos:** Abordando a conflictividade nas aulas non dende unha actitude reactiva senón den unha proactiva, adiantándonos á súa aparición.
- **Habilidades sociais e autoconcepto na adolescencia:** integración e convivencia,
- **Programas de Ensinar a pensar, de motivación, resolución de conflitos...**
- Toma de decisións (4º da ESO).
- **Asambleas de xunta de delegados/as.**
- **Técnicas e métodos de estudo:** lectura comprensiva, subraiado, resumen, esquemas, a memoria...
- **Animación á lectura:** diversidade de textos (periodísticos, cómicos, contos, chistes, relatos curtos...).
- **Mecanismos para incitar ao consumo:** publicidade, modas, imaxe persoal...
- **A ansiedade ante os exames.**
- Técnicas de busca de emprego.
- **Habilidades para a vida adulta.**
- **Contra a violencia de xénero.**
- **Contra a discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e a eliminación de condutas basadas na LGTBIfobia.**
- **Informacións variadas:** sistemas educativo, carreiras universitarias, familias profesionais, programas de garantía social, transición á vida activa, educación de adultos, servizo galego de colocación, formación ocupacional, obradoiros, escolas taller...

Secuencia e temporalización das actividades do PAT:

Acción	Grupo	Temporalización
Reunión organizativa co profesorado titor coordinada pola xefatura de estudos	Todos	setembro
Organizar entrevistas individualizadas da orientadora e do profesorado-titor coas familias (entrevista personalizada) coa finalidade de acadar un contacto máis personalizado, un mellor seguimento e coñecemento mutuo	Todos	Todo o curso
Proporcionar material ao profesorado titor para a realización constructiva das pre-avaliacións co alumnado e a participación das delegadas e delegados nas xuntas de avaliación.	Todos	Final de cada trimestre
Participar na acollida e coñecemento inicial do alumnado.	Todos	Setembro e febreiro
Informar ao profesorado titor dos datos máis salientábeis coñecidos sobre os seus alumnos/as.	Todos	setembro
En colaboración co profesorado titor e a xefa de Estudos, informar ao alumnado de aspectos básicos de organización do Centro (avaliación, normas,...).	Todos	outubro
Sesión informativa sobre o sistema de préstamo na biblioteca	Todos	outubro/novembro

Participar nas xuntas de avaliación inicial e ordinarias	Todos	Setembro e final de cada trimestre
Participar nas reunións semanais de coordinación co profesorado titor	Todos	Todo o curso
Deseñar actividades de tutoría encamiñadas a mellorar a relación entre o alumnado e a súa convivencia	Todos	Ao longo do curso
Deseñar actividades de tutoría encamiñadas a mellorar a relación entre o alumnado e a súa convivencia	2º, 3º e 4º de ESO	Todo o curso
Aplicación do Programa de Técnicas de Estudo	Todos	Todo o curso
Aplicación do Programa de Habilidades Sociais	Todos	Todo o curso
Sesións de presentación do equipo de mediación ao alumnado do centro	Todos	outubro
Programa de formación inicial do alumnado mediador	2º ESO	outubro novembro
Programa de mellora de HHSS alumnado mediador	3º E 4º de ESO	xaneiro
Proporcionar ao profesorado titor o material que precisan para levar a cabo as súas funcións.	Todos	Todo o ano

8. METODOLOXÍA

A **metodoloxía de traballo** que se seguirá nas titorías estará baseada nos seguintes recursos:

- Utilización de cuestionarios, técnicas grupais, debates, conferencias, actividades de información en temática diversa...
- Seguimento das temáticas establecidas no Plan de Acción Titorial reflectidas nas actividades deseñadas polo Departamento de orientación para o seu desenvolvemento
- Seguimento dun programa de toma de decisións, orientación académica – profesional, inserción socio-laboral...
- Reunións informativas co alumnado, familias, profesorado, outras institucións...
- Asesoramento individualizado por parte do Departamento de Orientación.

Suxestións metodolóxicas para a dirección da **intervención co grupo-clase** en canto ás funcións do profesorado-titor:

1) **Exposición dos obxectivos e das instrucións:**

A exposición ao grupo dos obxectivos de cada actividade realízase de forma sintética, comentando brevemente o que se pretende coa mesma e como se vai levar a cabo. É importante adoptar unha perspectiva de xogo no bosquejo das actividades e da experiencia no seu conxunto, promovendo un clima grupal positivo. Para un bo desenvolvemento da actividade é importante que o titor/ a titora teña previamente unha clara comprensión das instrucións e do proceso de realización da actividade.

2) **Organización e regulación da actividade:**

Coa finalidade de estimular a interacción multidireccional dos membros do grupo, convén propoñer directivamente os agrupamentos en pequenos equipos de tal modo que sexan diferentes en cada actividade.

Con isto preténdese que cada alumno/a interactúe cón maior número de compañeiros e compañeiras ao longo do curso.

Faise necesario que en cada actividade cada equipo nomee un secretario/a, que será quen recolla toda a información dos seus compañeiros/as e fará de portavoz nas exposicións.

Outro aspecto importante neste proceso consiste en regular o tempo das actividades de tal xeito que sempre se poida operar ao remate unha reflexión ou debate.

3) Dirección da fase de discusión ou debate:

- Formulación de preguntas como técnica para estimular a reflexión nos membros do grupo.
- Análise dos produtos da actividade xerados polo grupo. Esta análise non só é útil como factor de avaliación do nivel do grupo, senón que ademais é unha ferramenta que posibilitará a formulación de preguntas, o que redundará nunha reflexión grupal máis rica.
- Síntese da acción e das verbalizacións.

9. RECURSOS

É conveniente que a dirección do centro poña os seguintes **espazos** a disposición das titorías:

- A **aula do propio grupo para as sesións de titoría co alumnado** e outras reunións con eles.
- O **local do Departamento de Orientación**, ou outro alternativo, para as reunións de coordinación co resto do profesorado: por etapas e/ou niveis.
- Unha **sala ou aula para a recepción individual para as familias** que desexen visitar ao titor/titora nas horas semanais adicadas a tal fin.
- A **biblioteca ou outros espazos** para as reunións xerais coas familias, charlas, conferencias...
- Aqueles **espazos non contemplados aquí** pero que poidan ser necesarios nun determinado momento.

En canto ao **material** necesario para o correcto desenvolvemento das titorías, a dirección deberá pór a disposición das destas todo o material preciso para o correcto desenvolvemento das súas funcións, sempre dentro das posibilidades do centro, e habilitando, de ser o caso, as partidas orzamentais que sexan necesarias.

Os **equipos EDIXGAL** en toda a E.S.O. son un recurso a ter en conta para desenvolver as titorías.

10. AVALIACIÓN E INFORME FINAL.

O **Plan de Acción Titorial** avaliarase ó remate do curso e quedando recollidos na Memoria os logros alcanzados, as dificultades atopadas, os factores intervinentes no desenvolvemento da acción titorial e os aspectos que será necesario modificar, eliminar ou recoller en vindeiros cursos.

A avaliación será realiza polas persoas que interveñen no deseño, planificación e posta en marcha da acción titorial (titores/as, orientadora, profesorado) e polos seus destinatarios alumnado, familias e profesorado).

A avaliación terá lugar en tres momentos:

a) **Ao inicio:** para avaliar o deseño, a proposta de contidos, a secuenciación máis axeitada, a temporalización...

b) **Durante o seu desenvolvemento:** para valorar a adecuación e consecución dos obxectivos, variables que interveñen no seu proceso, participación, adecuación das actividades...

As técnicas e instrumentos empregados para este momento da avaliación serán os intercambios de información realizados nas reunións semanais de coordinación de titorías, a observación directa nas aulas, cuestionarios...

c) **Ao remate do programa:** para avaliar os resultados obtidos tanto previstos como imprevistos, consecución de obxectivos propostos, valoración final do desenvolvemento do P.A.T. e proposta de modificacións ou de atención a necesidades que non foron cubertas, a través de:

✓Adecuación do PAT ao proxecto educativo de centro.

- ✓ Equilibrio entre os obxectivos propostos e os contidos.
- ✓ Equilibrio e secuenciación axeitada no tratamento dos contidos ao longo dos distintos niveis.
- ✓ Adecuación dos contidos propostos e as necesidades detectadas.
- ✓ Tratamento dos contidos a través das áreas curriculares.
- ✓ Participación das partes implicadas: orientadora, titores/as, profesores/as, alumnado e familias.
- ✓ Validez e pertinencia dos instrumentos, métodos e técnicas empregados.
- ✓ Consecución dos obxectivos propostos...

Indicadores da Avaliación: o **informe final** incluirá:

- Unha reflexión sobre o funcionamento das titorías.
- O desenvolvemento das actividades planificadas
- Valoración Global do cumprimento do Plan de Acción Titorial.

11. MODIFICACIÓNS

As modificacións do presente documento que sexan necesarias faranse con carácter xeral, o remate de cada curso académico, para incorporar ao mesmo as modificacións, aclaracións... ao longo da avaliación prevista no punto anterior.

Deberan ser autorizadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Tamén o PAT do Centro será sometido ás pertinentes modificacións se se producen cambios significativos no apartado lexislativo referentes ás titorías.

En Marín a 25 de setembro de 2024

Sandra Ruibal Santiago



Xefa do Departamento de Orientación do IES Mestre Landín

12. ANEXO: ACTIVIDADES POR NIVEL CURSO 2024-2025

1º ESO:

COÑECEMENTO DO GRUPO:

1. Dinámicas de coñecemento (setembro de 2024): Pícame, Apousento, Pegatina, Palmadas, Voume a América, Toque voador , Obxecto imaxinario, A muralla, Pelotas de Praia, Pelota quente, Limón, limón, Pedro-Pablo, Eco (1º e 2º)
2. Elaboración de normas de clase (setembro/outubro 2024):
 - Grupo nominal
 - Estrutura 1-2-3
3. Elección de delegado/a (outubro de 2024): procedemento de elección e acta
4. Cuestionario sobre fenda dixital, saúde e convivencia (outubro de 2024)

5. Sociograma e dinámicas de reforzo das actividades de cohesión grupal (outubro de 2024 e xaneiro e maio de 2025)

INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA:

1. Recreos dinámicos (todo o ano): obradoiros e xornadas de concienciación Artelixo, recreos musicais: Santa Icíá en novembro, San Valentín en febreiro, memoria histórica en maio, obradoiros de baile galego, o coro do Mestre Landín, xogos populares e tradicionais, xogos de mesa, competición deportivas variadas, etc
2. Magosto e Cucañas (finais de outubro de 2024).
3. Despedindo o ano no Mestre Landín (21 de decembro de 2024)
4. Entroido (marzo de 2025)
5. Día de Rosalía (23 de febreiro de 2025)
6. Día do centro (20 de xuño de 2025)
7. Concurso propostas horto escolar (todo o curso)
8. Programa específico de formación para o novo alumnado mediador (decembro de 2024)
9. Programa específico de formación para todo o equipo de mediación do centro (xaneiro de 2025)

AUTOESTIMA, AUTOCONECAMENTO E HABILIDADES SOCIAIS:

1. Concurso propostas horto escolar (outubro de 2024)
2. Obradoiro de habilidades sociais básicas a cargo de Rexurdir (xaneiro de 2025)
3. Obradoiro de Rexurdir (abril de 2025)

TÉCNICAS DE ESTUDO:

1. Estratexias de metacognición (todo o curso)
2. Técnicas de estudo (todo o curso).

EDUCACIÓN EN IGUALDADE E RESPECTO:

1. Punto violeta
2. Espazo seguro LGTBIQ+
3. Charla sobre diversidade sexual e prevención de condutas LGTBifóbicas

PLAN DIRECTOR:

Ao longo de todo o curso en función das necesidades de cada nivel (outubro e decembro de 2024 e marzo e maio de 2025)

TEMAS TRANSVERSAIS:

1. Educación para o respecto do medioambiente: pesaxe de lixo no recreo (todo o curso)
2. Conmemoración do 25 N en colaboración co CIM do concello de Marín
3. Día da Constitución (6 de decembro)
4. Conmemoración do día da Paz (30 de xaneiro de 2025)
5. Conmemoración do 8M en colaboración co CIM do concello de Marín
6. Conmemoración do día do libro (23 de abril de 2025)
7. Conmemoración das Letras Galegas (maio de 2025)

Asociacións externas: CIM Marín, Policía Nacional, Alicce, Cruz Vermella, Arelas, Igaxes, TP Galicia

□ 2º ESO:

COÑECEMENTO DO GRUPO:

1. Dinámicas de coñecemento (setembro de 2024): Pícame, Apousento, Pegatina, Palmadas, Voume a América, Toque voador, Obxecto imaxinario, A muralla, Pelotas de Praia, Pelota quente, Limón, limón, Pedro-Pablo, Eco (1º e 2º)
2. Elaboración de normas de clase (setembro/outubro 2024):
 - Grupo nominal
 - Estrutura 1-2-3
3. Elección de delegado/a (outubro de 2024): procedemento de elección e acta
4. Cuestionario sobre fenda dixital, saúde e convivencia (outubro de 2024)
5. Sociograma e dinámicas de reforzo das actividades de cohesión grupal (outubro de 2024 e xaneiro e maio de 2025)

INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA:

1. Recreos dinámicos (todo o ano): obradoiros e xornadas de concienciación Artelixo, recreos musicais: Santa Icíá en novembro, San Valentín en febreiro, memoria histórica en maio, obradoiros de baile galego, o coro do Mestre Landín, xogos populares e tradicionais, xogos de mesa, competición deportivas variadas, etc
2. Magosto e Cucañas (finais de outubro de 2024).
3. Despedindo o ano no Mestre Landín (21 de decembro de 2024)
4. Entroido (marzo de 2025)
5. Día de Rosalía (23 de febreiro de 2025)
6. Día do centro: (20 de xuño de 2025)

7. Programa específico de formación para o novo alumnado mediador (decembro de 2024)
8. Programa específico de formación para todo o equipo de mediación do centro (xaneiro de 2024)
9. Obradoiro de baile galego a cargo do músico Gabi Reboredo (marzo de 2025)

AUTOESTIMA , AUTOCOÑECEMENTO E HABILIDADES SOCIAIS:

1. Concurso propostas horto escolar (outubro de 2024)
2. Obradoiro de formación en competencias socioemocionais a cargo de Rexurdir (outubro e novembro de 2024)
3. Obradoiro de Educación Sexual a cargo de Rexurdir (abril de 2025)

TÉCNICAS DE ESTUDO:

1. Estratexias de metacognición (todo o curso)
2. Técnicas de estudo (todo o curso).

EDUCACIÓN EN IGUALDADE E RESPECTO:

1. Punto violeta
2. Espazo seguro LGTBIQ+
3. Obradoiro sobre diversidade sexual e prevención de condutas LGTBifóbicas

PLAN DIRECTOR:

Ao longo de todo o curso en función das necesidades de cada nivel (outubro e decembro de 2024 e marzo e maio de 2025)

TEMAS TRANSVERSAIS:

1. Educación para o respecto do medioambiente: pesaxe de lixo no recreo (todo o curso)
2. Conmemoración do 25 N en colaboración co CIM do concello de Marín
3. Día da Constitución (6 de decembro)
4. Conmemoración do día da Paz (30 de xaneiro de 2025).
5. Conmemoración do 8M en colaboración co CIM do concello de Marín
6. Conmemoración do día do libro (23 de abril de 2025)
7. Conmemoración das Letras Galegas (maio de 2025)

Asociacións externas: CIM Marín, Policía Nacional, Alicce, Cruz Vermella, Arelas, Igaxes, Gabi Reboredo

□ 3º ESO:**COÑECEMENTO DO GRUPO:**

1. Dinámicas de coñecemento (setembro de 2024):
 - Xogos de presentación: Tearaña, Choca, Por imaxinación
 - Xogos de coñecemento: Ó loro, Se eu fose, As pegadas da man, Frases incompletas, O bazar máxico
2. Elaboración de normas de clase (setembro/outubro 2024):
 - Grupo nominal
 - Estrutura 1-2-3
3. Elección de delegado/a (outubro de 2024): procedemento de elección e acta
4. Cuestionario sobre fenda dixital, saúde e convivencia (outubro de 2024)

5. Sociograma e dinámicas de reforzo das actividades de cohesión grupal (outubro de 2024 e xaneiro e maio de 2025)

INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA:

1. Recreos dinámicos (todo o ano): obradoiros e xornadas de concienciación Artelixo, recreos musicais: Santa Icíá en novembro, San Valentín en febreiro, memoria histórica en maio, obradoiros de baile galego, o coro do Mestre Landín, xogos populares e tradicionais, xogos de mesa, competición deportivas variadas, etc
2. Magosto e Cucañas (finais de outubro de 2024).
3. Despedindo o ano no Mestre Landín (21 de decembro de 2024)
4. Entroido (marzo de 2025)
5. Día de Rosalía (23 de febreiro de 2025)
6. Día do centro (20 de xuño de 2025)
7. Concurso propostas horto escolar (outubro de 2024)
8. Programa de titoría entre iguais: formación de parellas alumnado de 1º e 3º (outubro de 2024)
9. Programa de titoría entre iguais: actividades de cohesión de parellas de alumnado TEI (todo o curso)
10. Programa específico de formación para todo o equipo de mediación do centro (xaneiro de 2025)
11. Obradoiros de ecopercusión (marzo de 2025)
12. Obradoiro de pandeireta e percusión a cargo do músico Gabi Reboredo (marzo de 2025)
13. Obradoiro de Educación sexual a cargo de Quérote+ (marzo de 2025).

14. Obradoiro de Educación Sexual a cargo de Rexurdir (abril de 2025)

AUTOESTIMA, AUTOCONECIMIENTO E HABILIDADES SOCIAIS:

1. Concurso propostas horto escolar (outubro de 2024)
2. Obradoiro de sexualidade/uso-abuso da tecnoloxía a cargo de Rexurdir (outubro e novembro de 2024)

TÉCNICAS DE ESTUDO:

1. Estratexias de metacognición (todo o curso)
2. Técnicas de estudo (todo o curso).

EDUCACIÓN EN IGUALDADE E RESPECTO:

1. Punto violeta
2. Espazo seguro LGTBIQ+
3. Obradoiro sobre diversidade sexual e prevención de condutas LGTBifóbicas .

PLAN DIRECTOR:

Ao longo de todo o curso en función das necesidades de cada nivel (outubro e decembro de 2024 e marzo e maio de 2025)

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:

1. Visitas a centros de Formación Profesional no 2º trimestre: CIFP A Xunqueira, IES Frei Martín Sarmiento, CIFP Montecelo, CIFP Carlos Oroza, IES Johan Carballeira, IES Chan do Monte.

TEMAS TRANSVERSAIS:

1. Educación para o respecto do medioambiente: pesaxe de lixo no recreo (todo o curso)
2. Conmemoración do 25 N en colaboración co CIM do concello de Marín
3. Día da Constitución (6 de decembro)
4. Conmemoración do día da Paz (30 de xaneiro de 2025).
5. Conmemoración do 8Men colaboración co CIM do concello de Marín
6. Conmemoración do día do libro (23 de abril de 2025)
7. Conmemoración das Letras Galegas (maio de 2025)

Asociacións externas: Rexurdir, CIM Marín, Quérote+, Policía Nacional, Alicce, Cruz Vermella, Arelas, Igaxes, Gabi Reboredo,

□ 4º ESO:**COÑECEMENTO DO GRUPO:**

1. Dinámicas de coñecemento (setembro de 2024):
 - Xogos de presentación: Teraña, Choca, Por imaxinación
 - Xogos de coñecemento: Ó loro, Se eu fose, As pegadas da man, Frases incompletas, O bazar máxico
2. Elaboración de normas de clase (setembro/outubro 2024):
 - Grupo nominal
 - Estrutura 1-2-3
3. Elección de delegado/a (outubro de 2024): procedemento de elección e acta
4. Cuestionario sobre fenda dixital, saúde e convivencia (outubro de 2024)

5. Sociograma e dinámicas de reforzo das actividades de cohesión grupal (outubro de 2024 e xaneiro e maio de 2025)

INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA:

1. Recreos dinámicos (todo o ano): obradoiros e xornadas de concienciación Artelixo, recreos musicais: Santa Icíá en novembro, San Valentín en febreiro, memoria histórica en maio, obradoiros de baile galego, o coro do Mestre Landín, xogos populares e tradicionais, xogos de mesa, competición deportivas variadas, etc
2. Magosto e Cucañas (finais de outubro de 2024).
3. Despedindo o ano no Mestre Landín (20 de decembro de 2024)
4. Entroido (marzo de 2025)
5. Día de Rosalía (23 de febreiro de 2025)
6. Sabores do mundo (semana do 18 ao 22 de marzo de 2025)
7. Día do centro (20 de xuño de 2025)
8. Concurso propostas horto escolar (outubro de 2024)
9. Programa específico de formación para todo o equipo de mediación do centro (xaneiro de 2025)

AUTOESTIMA, AUTOCONECAMENTO E HABILIDADES SOCIAIS:

1. Obradoiro sobre Autoestima, motivación e toma decisións a cargo de Rexurdir (outubro e novembro de 2024)
2. Obradoiro de Rap a cargo de Rabelo, High Paw e Itxi Guerra (marzo de 2025)
3. Obradoiro de Educación Sexual a cargo de Rexurdir (abril de 2025)

TÉCNICAS DE ESTUDO:

1. Estratexias de metacognición (todo o curso)
2. Técnicas de estudo (todo o curso).

EDUCACIÓN EN IGUALDADE E RESPECTO:

1. Punto violeta
2. Espazo seguro LGTBIQ+

PLAN DIRECTOR:

Ao longo de todo o curso en función das necesidades de cada nivel (outubro e decembro de 2024 e marzo e maio de 2025)

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:

2. Saída ao Pont-Up Store en Pontevedra (setembro de 2024)
3. Saída ao salón EDUGAL en Pontevedra (outubro de 2024)
4. Obradoiro sobre Autoestima, motivación e toma decisións a cargo de Rexurdir (outubro e novembro de 2024)
5. Visitas a centros de Formación Profesional no 2º trimestre: CIFP A Xunqueira, IES Frei Martín Sarmiento, CIFP Montecelo, CIFP Carlos Oroza, IES Johan Carballeira, IES Chan do Monte.

TEMAS TRANSVERSAIS:

1. Educación para o respecto do medioambiente: pesaxe de lixo no recreo (todo o curso)
2. Conmemoración do 25 N en colaboración co CIM do concello de Marín

3. Día da Constitución (6 de decembro)
4. Conmemoración do 8M en colaboración co CIM do concello de Marín
5. Conmemoración do día do libro (23 de abril de 2025)
6. Conmemoración das Letras Galegas (maio de 2025)

Asociacións externas: Rexurdir, CIM Marín, Policía Nacional, Alicce, Cruz Vermella, Rabelo e High Paw

□ FAMILIAS:

1. Acollida familias (setembro de 2024)
2. Escola de familias: Grabación videotitorías Edixgal (outubro de 2024)
3. Escola de familias: Formación en competencias dixiais Edixgal dirixidas ás familias (outubro de 2024)
4. Acollida familias alumnado 6º de Primaria (xaneiro e marzo de 2025)
5. Escola de familias: seguridade nas redes: 2º e 3º trimestres
6. Escola de familias: competencias socioemocionais a cargo de IGAXES (todo o curso)